

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2010.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás once horas e cinco minutos do día ún de febreiro do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D^a. Angeles Díaz Prados, D^a Gloria Fornos Bastida e D. Jose Juan Roca Lorenzo. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 21.01.2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día vinte e ún de xaneiro do ano dous mil dez.

2.- FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL 2010.

Atendendo ao requerimento verbal efectuado pola Delegación do Goberno da Coruña, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Deixar sen efecto a solicitude de inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local dos proxectos de inversión das obras seguintes:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	PRESUPOSTO
PROXECTO PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEATONAL E SEGURIDADE VIAL DAS RÚAS BARRAL E RÚA MARÍA, TRAMO CANO DA RÚA-AVENIDA DE GALICIA, MUGARDOS (A CORUÑA)	Execución por contrata: 359.836,11 € Ive incluído.

2º.- Solicitar a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local do proxecto de inversión da obra seguinte:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	PRESUPOSTO
MELLORA E REPOSICIÓN DOS SERVIZOS DE: - ABASTECECEMENTO DE AUGA - SANEAMENTO DE PLUVIAIS - ALUMEADO PÚBLICO - SOTERRAMENTO DO SUBMINISTRO DA ENERXÍA ELÉCTRICA	Execución por contrata: 359.836,11 € Ive incluído.

- REDE DE TELECOMUNICACIÓNS - REPOSICIÓ DE PAVIMENTOS DAS RÚAS BARRAL E RÚA MARIA, TRAMO CANO DA RÚA-AVENIDA DE GALICIA, MUGARDOS (A CORUÑA)	
--	--

3º.- Aprobar a memoria correspondente ao proxecto de inversión das obras citadas, redactada polo arquitecto D. Javier Vizcaíno Monti, en data xaneiro de 2010, así como a realización da inversión proxectada.

4º.- Aprobar os gastos de honorarios de redacción de proxecto e de dirección de obra, na que figura tamén incluída a coordinación de seguridade e saúde que deseguido se relacionan:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ACREEDOR	CONCEPTO	TOTAL
			IVE INCLUÍDO
MELLORA E REPOSICIÓ DOS SERVIZOS DE: - ABASTECECEMENTO DE AUGA - SANEAMENTO DE PLUVIAIS - ALUMEADO PÚBLICO - SOTERRAMENTO DO SUBMINISTRO DA ENERXÍA ELÉCTRICA - REDE DE TELECOMUNICACIÓNS - REPOSICIÓ DE PAVIMENTOS DAS RÚAS BARRAL E RÚA MARIA, TRAMO CANO DA RÚA-AVENIDA DE GALICIA, MUGARDOS (A CORUÑA)	JAVIER VIZCAÍNO MONTI	HONORARIOS REDACCION PROXECTO	8.776,49
		HONORARIOS DIRECCION DE OBRA E COORDINACION SEGURIDADE E SAÚDE	11.701,99

5º.- Declarar que o Concello ten plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras antes relacionadas.

Sen máis asuntos para tratar, ás once horas e dez minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE